



PROXECTO:

PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO FIRME NOS CAMIÑOS MONFORTE, COTORELA, MATO, OUTEIRO, E FONTE, POIO.

MEMORIA

ANTECEDENTES

Redáctase o presente proxecto co fin de definir as actuacións necesarias para levar a cabo a ampliación da rede de servizos de abastecemento de auga así como a pavimentación e mellora do firme en varios camiños nas parroquias de San Salvador e Combarro do Concello de Poio. Coa execución das obras do presente proxecto trátase de dotar de servizos de abastecemento de auga, e mellorar o firme destes camiños que co uso, e o paso do tempo está moi deteriorado. As actuacións que se enumeran neste proxecto, se corresponden con camiños existentes, todos eles grafiados no actual PXOM do Concello de Poio, e en ningún caso se trata de novas aperturas, ou ampliacións de camiños, Os camiños son os seguintes.

CAMIÑO MONFORTE: Lonxitude: 114,64 ml. Superficie: 262,88 m², Aparece grafiado na folla O-8 do PXOM, e a súa traza discorre de N a S polos seguintes tipos de solo; SNRM (solo de nucleo rural mixto), SRC (solo rural consolidado), e SNRT (solo de nucleo rural tradicional)

CAMIÑO COTORELA: Lonxitude: 134,38 ml. Superficie: 579,05 m² Aparece grafiado na folla O-8 do PXOM, e a súa traza discorre de N a S polos seguintes tipos de solo; SRC (solo rural consolidado), e SNRT (solo de nucleo rural tradicional)

CAMIÑO DO MATO: Lonxitude: 345,70 ml. Superficie: 1.423,92 m² Aparece grafiado na folla O-8 do PXOM, e a súa traza discorre de N a S polos seguintes tipos de solo; SNRT (solo de nucleo rural tradicional)

CAMIÑO DO OUTEIRO: Lonxitude: 388,34 ml. Superficie: 1.854,17 m². Aparece grafiado na folla O-8 do PXOM, e a súa traza discorre de N a S polos seguintes tipos de solo; SNRM (solo nucleo rural mixto), e SNRT (solo de nucleo rural tradicional)

CAMIÑO DA FONTE: Lonxitude: 114,64 ml. Superficie: 262,88 m² Aparece grafiado na folla O-7 do PXOM, e a súa traza discorre de N a S polos seguintes tipos de solo; SNRM (solo nucleo rural mixto).

DENOMINACIÓN

Clasifícase este proxecto como PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO FIRME NOS CAMIÑOS MATO, OUTEIRO, E DA FONTE, E PAVIMENTACIÓN, MELLORA DO FIRME E DOTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA NOS CAMIÑOS MONFORTE E COTORELA. POIO.

SITUACIÓN

As actuacións proxectadas localízanse na parroquia de Combarro, no camiño da Fonte, e na parroquia de San Salvador os camiños de Monforte, Cotorela, O Mato e Outeiro, todos eles no concello de Poio.



PROXECTO:

PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO FIRME NOS CAMIÑOS MONFORTE, COTORELA, MATO, OUTEIRO, E FONTE, POIO.

OBXECTO DO PROXECTO

O presente proxecto ten por obxecto a determinación das obras necesarias para levar a cabo a ampliación dos seguintes servizos coas respectivas acometidas:

- canalización para abastecemento de auga.

Así mesmo defínense os traballos de pavimentación, e mellora do firme con aglomerado en quente, e pavimentación con formigón.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS

As obras a realizar consisten en:

Demolicións / movementos de terras.

Corte do pavimento con apertura de gabias para as canalizacións, con carga e transporte a vertedorido autorizado.

Instalación de Servizos

Colocarase ao longo do camiño os seguintes servizos:

- Canalización con tubo de polietilenos de 16 atmósferas, de 63 mm de diámetro apto para uso alimentario, nos camiños Monforte e Cotorela.

Obras de fábrica

Para as conexións domiciliarias dos diferentes servizos está prevista a construción de arquetas de acometida. Nos camiños Monforte e Cotorela.

Nalgún punto do camiño do Outeiro para facilitar o movemento natural das augas pluviais está previsto a realización de cunetas revestidas, así como a colocacións de pasos salvacunetas.

Pavimentación

Para os camiños de Monforte, Cotorela, Mato, Outeiro, está previsto a limpeza e saneo do firme actual, barrido, rego de imprimación e nova capa de aglomerado de 5 cm de espesor.

Para o Camiño da Fonte a opción elixida é a pavimentación con formigón.

A subbase da pavimentación no caso do formigón consiste no extendido e compactado de 20 cm. de saburra artificial, e posteriormente a formación do pavimento de formigón de 10 cm. de espesor.



PROXECTO:

PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO FIRME NOS CAMIÑOS MONFORTE, COTORELA, MATO, OUTEIRO, E FONTE, POIO.

PRAZO DE EXECUCIÓN

Establécese un prazo de execución de **TRES MESES** contados a partir da data do ACTA DE REPLANTEO que terá que levarse a cabo de acordo co determinado no PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co Artigo 54 da Lei de Contratos do Sector Público, para a execución deste Proxecto no se require clasificación.

PERSONAL DESTINADO Á EXECUCIÓN DAS OBRAS

Para a execución das obras do presente proxecto está previsto destinar 10 traballadores.

PRESUPOSTO

O presuposto das obras proxectadas ascende á cantidade de **114.391,67 euros, (CENTO CATORCE MIL TRESCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS)**

Sendo o seu desglose:

Execución material:	79.444,18	euros
Gastos xerais e administración:	10.327,74	euros
Beneficio industrial:	4.766,65	euros
Suma GG + BI:	15.074,39	euros
I.V.A. (21%):	19.853,10	euros
Importe total	114.371,67	euros

O Enxeñeiro Municipal

Asdo.: José Luís Arias Rodríguez.



PROXECTO:

PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO FIRME NOS CAMIÑOS MONFORTE, COTORELA, MATO, OUTEIRO, E FONTE, POIO.

ÍNDICE XERAL

MEMORIA E ANEXOS

Anexo 1: Plan de Traballos

Anexo 2: Xustificación de Prezos

Anexo 3: Estudio de Seguridade e Saúde

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES

PLANOS

PRESUPOSTO

Medicións

Cadro de prezos nº1

Cadro de prezos nº2

Presuposto

Resumen de presuposto